



Ref.:AVV/JDA/mlaf

A Circular 19/2007 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais sobre a organización académica e avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ao abeiro do decreto 191/2007, do 20 de setembro nas EEOOI para o curso 2007/2008 establece, no seu punto 14, as características xerais, estrutura e organización das probas parciais de progreso e das finais de promoción relativas aos cursos non finais de nivel.

Aos efectos da aplicación, neste curso 2007/2008, do establecido no devandito punto da Circular 19/2007 e o desenvolvemento da avaliación do alumnado no que respecta ás probas de progreso e de promoción, esta Dirección Xeral resolve facer as seguintes aclaracións:

1. No que se refire ao punto 14.5, os departamentos didácticos, no exercicio das súas atribucións, para a cualificación das probas de progreso e promoción dos cursos non finais de nivel, poderán avaliar o rendemento do alumnado na aula ao longo do proceso de aprendizaxe mediante a participación activa, os traballos e actividades realizados satisfactoriamente polo alumnado á vista dos resultados obtidos no desenvolvemento das diferentes tarefas de comprensión e expresión, orais e escritas, realizadas durante o curso académico.
2. Á valoración positiva do referido no punto 1, poderase engadir aos resultados obtidos nas probas de progreso e de promoción dos cursos non finais de nivel. En ningún caso, dita valoración poderá dar dereito á promoción automática de curso, sendo perceptiva a realización da dita proba parcial de progreso, que suporá unha valoración global do seu progreso, e da proba final de promoción que suporá a avaliación do conxunto de competencias lingüísticas en relación aos obxectivos formulados para o curso.




3. O alumnado disporá dunha convocatoria extraordinaria para a recuperación das destrezas con avaliación negativa na convocatoria ordinaria para a superación do curso non final de nivel correspondente.

4. Para este alumnado, os departamentos didácticos das escolas oficiais de idiomas organizarán as pertinentes probas extraordinarias durante os primeiros 10 días hábiles do mes de setembro de 2008.

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2008

O Director Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais



Antonio Vázquez Vázquez

SRES./SRAS. DIRECTORES/AS DAS EOI DE GALICIA